

Real Decreto 984/2021

polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, o BAC e a FP.

Capítulo I

Disposicións xerais.

Artigo 3. Referentes na avaliación.

1. A avaliación levarase a cabo tendo como referentes o RD 126/2014 polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria e o RD 1105/2014 polo que se establece o currículo básico de ESO e BAC. Os estándares de aprendizaxe teñen carácter meramente orientativo.
2. A avaliación en FP terá como referentes os currículos básicos publicados para cada título.
3. No caso de alumnado con NEE os referentes da avaliación durante a educación básica (educación primaria e educación secundaria obrigatoria) serán os incluídos nas adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirilles a promoción de curso ou a obtención do título de ESO.

Artigo 6. Atención ás diferenzas individuais na avaliación.

1. As condicións de realización dos procesos asociados á avaliación adaptaranse ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Promoverase o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados.
3. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
4. Cando as circunstancias persoais do alumno ou alumna con NEE aconsélleno para a consecución dos obxectivos, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización.

Artigo 8. Avaliación.

1. Avaliación continua e global.
2. Cando o progreso non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo.
3. Os centros docentes poderán elaborar programas de reforzo ou de enriquecemento curricular.
4. O profesorado avaliará as aprendizaxes do alumnado e os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.
5. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente levará a cabo a avaliación do alumnado de forma colexiada nunha única sesión que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

Artigo 9. Promoción.

1. As decisións sobre a promoción adoptaranse ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º.
3. A permanencia no mesmo curso é excepcional, esta medida só se poderá adoptar unha vez durante a etapa. O equipo docente organizará un plan específico de reforzo.
 1. Os titores ou titoras de 2º e 4º emitirán un informe sobre o grao de adquisición de competencias que indique as medidas de reforzo que se deben seguir no curso seguinte.
 2. Ao finalizar a etapa o titor ou titora elaborará un informe sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias. No caso do alumnado con NEE o informe recollerá as adaptacións e medidas adoptadas.

Artigo 10. Avaliación,

1. Avaliación continua, formativa e integradora.
2. En calquera momento do curso estableceranse medidas de reforzo educativo, dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
3. Deberá terse en conta como referentes últimos da avaliación, dende todas as materias, a consecución dos obxectivos da etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes.
4. O profesorado avaliará as aprendizaxes do alumnado e os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.
5. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente levará a cabo a avaliación do alumnado de forma colexiada nunha única sesión que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

Artigo 11. Promoción.

1. Promocionará o alumnado que superara todas as materias o teñan avaliación negativa en unha ou dúas materias.
2. Quen promocióne sen superar todas as materias seguirá plans de reforzo. Terá que superar as avaliacións correspondentes a ditos plans.
3. A permanencia no mesmo curso será unha medida excepcional. O alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha vez, dúas veces como máximo ao longo da ensinanza obrigatoria.
4. De forma excepcional poderá permanecer un ano máis en 4º.
5. Haberá un plan específico personalizado que recolla as medidas adecuadas para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Artigo 12. Consello orientador

- 1. Ao finalizar 2º entregárase ás familias un consello orientador.
- 2. Ao finalizar a etapa todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado.

Artigo 13. Incorporación aos programas de diversificación curricular

1. Para alumnado con dificultades relevantes de aprendizaxe que recibira medidas de apoio en 1º ou 2º, ou a quen esta medida lles sexa favorábel para a obtención do título.
2. Os equipos docentes propoñerán a incorporación a 1º do PDC ao alumnado que precise metodoloxía específica e que estea nalgunha das seguintes situacións:
 - Que finalicen no 21/22 o curso 2º de ESO, non estean en condicións de promocionar a 3º, e o equipo docente considere que a permanencia non lle vai supoñer beneficio.
 - Que finalicen no 21/22 o curso 2º de ESO, non estean en condicións de promocionar e se incorporaran tardiamente á etapa.
 - Que finalicen no 21/22 o curso 3º da ESO e non estean en condicións de promocionar ao curso seguinte.

Requírese un informe de idoneidade da medida, oído o propio alumno/a e coa conformidade da familia.

3. O alumnado que cursara no 21/22 1º de PMAR poderá incorporarse de forma automática a 1º de PDC, así como quen finalizara 2º de PMAR e non estea en condicións de promocionar.

Artigo 14. Incorporación a un programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento.

O equipo docente poderá propor que no curso 22/23 se incorpore a 1º de PMAR o alumnado que finalizara 1º de ESO e que tendo repetido algunha vez con anterioridade, non estea en condicións de promocionar a 2º ESO.

Artigo 15. Incorporación a un ciclo formativo de Grao Básico.

Os equipos docentes poderán propoñer que no curso 22/23 se incorpore a 1º de FP Básica o alumnado que cumpla os seguintes requisitos:

- Cumpridos 15 anos ou que os cumpran durante o ano natural en curso.
- Que cursaran 3º de ESO, ou excepcionalmente 2º.

Artigo 16. Título de Graduado en ESO

1. Obterá o título quen, ao rematar a ESO, adquirira as competencias e acadara os obxectivos da etapa.
2. As decisións serán adoptadas de forma colexiada polo equipo docente.
3. O título será único e sen calificación.
4. Todo o alumnado recibirá unha certificación oficial na que conste o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias.
5. Quen non obtivera o título e superara os límites de idade, poderá facelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superaran.

Artigo 17. Avaliación

1. Avaliación continua, formativa e integradora.
2. O equipo docente realizará un acompañamento socioeducativo personalizado.
 1. A titoría terá especial relevancia para o establecemento dos apoios individualizados que se precisen en canto se detecten dificultades no proceso de aprendizaxe do alumnado.
 1. A avaliación en Comunicación e Sociedade e en Ciencias Aplicadas realizarase atendendo ao carácter global.
 1. A avaliación no resto de módulos profesionais terá como referente os resultados de aprendizaxe e as competencias profesionais, persoais, e sociais.

Artigo 18. Obtención do título de Graduado en ESO

A superación da totalidade dos módulos conducirá á obtención do título.

Artigo 19. Avaliación.

1. Avaliación continua e diferenciada segundo as materias.
2. O profesorado de cada materia decidirá ao rematar o curso se o alumnado logrou os obxectivos e acadou as competencias.
3. O alumnado poderá realizar unha proba extraordinaria das materias non superadas.
4. O profesorado avaliará as aprendizaxes do alumnado e os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

Artigo 20. Promoción.

1. O alumnado promocionará de 1º a 2º cando superaran as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas como máximo. Organizaranse actividades de recuperación e avaliación de materias pendentes.
2. Continúan as materias de 2º que implican continuidade (RD 1105/2014). O alumnado poderá matricularse da materia de 2º sen ter cursado a de 1º cando o profesorado que a imparta considere que pode seguir con aproveitamento a de 2º. De non ser así, deberá cursar a de 1º como pendente.
3. O alumnado que ao rematar 2º teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán repetir o curso completo ou matricularse de esas materias.

Artigo 21. Título de Bacharel.

2. Con avaliación positiva en todas as materias.
3. Excepcionalmente se o equipo docente o decide, un alumno/a cunha materia sen superar, se cumpre as seguintes condicións:
 - O equipo docente considera que acadou obxectivos e competencias.
 - Non se produciu inasistencia continuada e non xustificada na materia.
 - O alumno/a presentouse ás probas (incluídas as da convocatoria extraordinaria) e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación.
 - A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa é igual ou superior a 5. Tamén se considerará a nota da materia non superada.
 - O título será único e expedirase coa expresión da modalidade cursada e da nota media obtida.

Artigo 22. Obtención do título de BAC dende outras ensinanzas.

1. O alumnado Técnico/a en FP ou en Artes Plásticas e Deseño obterá o título de BAC de supera as seguintes materias:

Filosofía

Historia de España

Lingua castelá e literatura I e II

Lingua galega e literatuta I e II

1ª lingua estranceira I e II

2. Ademais das anteriores en función da modalidade terá que superar:

Ciencias: Matemáticas I e II

Humanidades: Latín I e II

Ciencias Sociais: Matemáticas aplicadas ás CCSS I e II

Artes: Fundamentos do Arte I e II

3. Obterán o título de BAC en Artes quen superara as Ensinanzas

Profesionais de Música e Danza e as seguintes materias:

Filosofía

Historia de España

Lingua castelá e literatura I e II

Lingua galega e literatuta I e II

1ª lingua estranceira I e II

Fundamentos do Arte I e II

Artigo 23. Avaliación e titulación.

1. Avaliación por módulos profesionais.
2. A superación dun ciclo require a avaliación positiva en todos os módulos profesionais.

A large, semi-transparent watermark logo is centered on the page. It features a stylized mountain range silhouette above the word "STEEG" in a bold, sans-serif font.

Artigo 24. Educación básica

- Obtense o título de Graduado en ESO coa superación de todos os ámbitos de coñecemento.
- O equipo docente poderá propoñer ás persoas que non superaran algún dos ámbitos pero conseguiran globalmente os obxectivos xerais da formación básica das persoas adultas.

Artigo 25. Bacharelato

1. Obtense o título de BAC con avaliación positiva en todas as materias nos dous cursos de BAC, ou en todas as materias agás unha. Se este é o caso deberán reunirse as seguintes condicións:
 - O equipo docente considera que acadou obxectivos e competencias.
 - Non houbo abandono da materia.
 - O alumno/a presentouse a todas as probas e realizou todas as actividades, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa é = ou > 5 .
2. Mesma posibilidade que no réxime ordinario de obter o título dende outras ensinanzas.

Artigo 26. Probas libres

1. As Administracións educativas organizarán probas para que as persoas maiores de 18 anos poidan obter o título de Graduado en ESO.
2. Tamén organizarán probas para que as persoas maiores de 20 anos poidan obter directamente o título de BAC.
3. Garantíranse en ditas probas as medidas de accesibilidade universal e as adaptacións que precise todo o alumnado con NEE.

DISPOSICIONES

Disposición adicional única: NON incremento do gasto público.

Disposición transitoria primeira: O alumnado en posesión dun título Profesional de Música e Danza que no curso 20/21 fixera 1ºBAC por unha modalidade diferente a Artes e superara a materia de 1º correspondente a dita modalidade, poderá obter o título de BAC mediante a superación das restantes materias que correspondan a modalidade elixida.

Disposición transitoria segunda: O alumnado en posesión dun título de Técnico/a Superior de FP que no curso 20/21 cursara e superara al menos dúas das materias de 1º (Filosofía, Hª de España, LCL, LGL, LE ou unha da modalidade elixida) poderá obter o título de BAC mediante a superación das restantes materias que correspondan á modalidade elixida.

Disposición transitoria terceira: A avaliación e a promoción das persoas adultas realizarase conforme á disposición adicional cuarta do RD 1105/2014 e de acordo co establecido na normativa reguladora de dita oferta.

Disposición transitoria cuarta:

a) As actas de avaliación de EP e ESO pecharanse ao remate do período lectivo ordinario. As actas de BAC pecharanse ao final do período lectivo despois da convocatoria ordinaria e trala convocatoria extraordinaria.